

# ALMAS EN PENA DE INISHERIN

# 1065

Martin McDonagh, 2022

ESTREA EN NUMAX: 10.02.2023 | V.O.S.E. | +16 | 114 min

Nunha illa remota fronte a costa oeste de Irlanda dous amigos de toda a vida, Pádraic e Colm, encóntranse nun canellón sen saída cando Colm pon fin á súa amizade dun modo abrupto. Un Pádraic abraiado, axudado pola súa irmá Siobhán e por Dominic, esfórzase por reconstruír a relación, negándose a aceptar as negativas do seu amigo de sempre. Cando Colm presenta a Pádraic un ultimátum desesperado, os acontecementos precipítanse e provocan consecuencias traumáticas.

«Converte o seu novo filme na máis salvaxe reflexión sobre a vida, a morte, o alcol e Irlanda»

Luis Martínez , EL MUNDO



## Entrevista con Martin McDonagh: «Hollywood non me importa en absoluto»

Por Luis Martínez

**Como responde á acusación de que a orientación dos seus filmes é quizais demasiado teatral?** Lin que o guiión está baseado nunha obra de teatro e non é así. Escribín algo co mesmo título hai 20 anos, pero tireino e só me quedei precisamente co título. Non era unha obra teatral. É certo que cando máis gozo é na escritura dos diálogos. Digamos que encaixo a crítica sobre se os meus filmes son moi teatrais, pero non a comparto. Non é verdade, falar é parte da acción do filme.

**Que ten Irlanda que inspira tanto a escribir?** Non o sei, quizais a aparente tranquilidade da súa xente invita a pensar nunha vida interior tumultuosa.

**Séntese herdeiro de Beckett?** Admiroo fondamente sen dúbida, pero nunca foi unha inspiración para min. Compartimos, iso si, nacer en Irlanda e quizais iso marca aínda que non sexa de forma consciente. Por volver á pregunta anterior, o que me atraeu orixinalmente foi a posibilidade de rodar na costa irlandesa que é dunha beleza increíble.

**Dalgunha maneira, este filme pode lerse como unha volta ás orixes ou a unha formulación máis sinxela despois dunha produción de gran escala como *Tres anuncios nas aforas* (2017). Por que? Imaxino que despois do éxito deste último podería escoller o que quixera...** É unha falsa impresión. Os dous filmes son igual de pequenos. *Tres anuncios...* medrou só á marxe da nosa vontade. E agora, é certo, parece demasiado grande ata para min. Por outro lado, son bastante vago e pouco ambicioso. Fago o que me interesa sen importarme nin o tamaño nin a fama nin nada. É dicir, Hollywood non me importa en absoluto. Non o desprezo, simplemente non está no horizonte dos meus desexos. Nunca escoito ofertas. Xa me encargo eu de facermas. A miña intención non é facer filmes grandes, aspiro simplemente a que sexan bos.

**O código moral que exhiben os seus filmes baséase nunha lóxica estrita de que toda acción leva consigo unha consecuencia ineludible.** Quero crer que non é tanto unha preocupación moral como narrativa. Caso de que haxa diferenza entre unha e outra. Son moi coidadoso á hora de escoitar as motivacións dos personaxes e a miña intención sempre é esgotar o mecanismo que leva dunha cousa á outra. Os meus personaxes son moito máis consecuentes que eu mesmo na miña vida cotiá. A vida real está chea de contradicións moi pouco interesantes, a ficción en cambio, cando é boa, atende a unha lóxica rigorosa, é implacable.

**Diría que o seu cinema é entón inmoral?** Non, os meus filmes son morais, pero moi escuros. A moral non por forza ten que ser conciliadora. Hai actos morais que son morais pola súa crueldade.

**Existe a idea expresada por un dos personaxes de que non se pode crear nada interesante se se é boa persoa. Cre que o talento esixe certa maldade?** Para nada. Gústame ser un cineasta amable e educado. Odio o mito de que tes que ser un director horrible e permanentemente enfadado para conseguir un bo traballo. Todo iso é merda. Milito na idea de que a agresividade só xera filmes desagradables. Un filme ou unha obra pode ser moi violenta, pero a clave é que estea realizada desde a amabilidade e o respecto. Ata agora funcionoume.



Na librería  
**NUMAX**  
[numax.org/librería](http://numax.org/librería)

*Tres anuncios en la afueras,*  
Martin McDonagh.  
20th Century Fox [BD]

*O home traveseiro,*  
Martin McDonagh.  
Galaxia, 2018